

**PING HSIN**  
**(china)**

introdución e versións de

M<sup>a</sup>. Pilar J. Aleixandre

Ping Hsin ("Corazón de Xelo", pseudónimo de Hsieh Wong Ying) nascida no 1900 en Fu Kien —sudeste de China, fronte á illa de Taiwan— foi unha das anovadoras da poesía nos anos 20, creadora dos poemas curtos chamados Hsiao-shih, con certa semellanza aos haiku. Logo da toma do poder por Mao Ze Dong participou activamente na vida literaria até a Revolución Cultural no 1964.

Considerada a mellor poetisa china moderna pertence aos oito ou dez escritores mais coñecidos na República Popular. A avalancha de información, respecto aos escritores/as asiáticos sofre Europa, impide-nos saber con certeza se esta muller, viva no 1979, o está aínda.

Seica a única obra dela editada nunha lingua peninsular é a "Autobiografía dunha rapaza china", traducida ao castelán no 1949. A versión galega procede das traducións ao inglés de Kenneth Rexroth e Ling Chung (*Estrelas inumerábeis*), Julia C. Lin (*Tres poemas*) e Kai Yu Hsu (*Repuxos*).

de ESTRELAS INUMERABEIS

Vazio só ...  
Levanta o teu véu de estrelas  
Deixa-me adorar  
O esplendor do teu rosto

Estes fragmentados versos  
Son só gotas de espuma  
no mar do coñecemento  
Non obstante son claras, cintilantes  
inumerábeis estrelas incrustadas  
nos céus do corazón.

Lua brillante ...  
Toda mágoa, dor, soedade completada ...  
Campos de luz de prata ...  
Quen, na outra banda do regueiro  
sopra unha fruta avolta?

TRES POEMAS

As barcas de pesca voltaron!  
Ollái as faíscas de luz vermella sobre o río!

A chuva da tarde  
fío a fío está entretecida no pensamento do poeta.

Este antigo pátio  
Este lusco fusco  
Este sedoso fío de verso  
ata fortemente o sol que parte comigo.

de REPUXOS

A estrela fugaz  
brilla só ao cruzar o céu do home;  
precipita-se desde a treva  
e desaparece na treva outra vez.  
É a vida asimesmo tan inexplicábel?

Neste mundo de brétemas  
esquecín a primeira palabra  
nen coñecerei endexamais a última.

Miúdas flores no campo de batalla  
Adoro-vos polo voso amor mais fondo  
que, desafiando a chuva de balas  
dá consolo aos osos recentes.